


Ficha de traballo II

Nome e apelidos:

Curso: Data:

ESCALAS DE OBSERVACIÓN

- A** Observa as imaxes e indica, en cada caso, a que escala, macroscópica ou microscópica, corresponde:



I. II. III.

- B** Razoa a veracidade ou a falsidade das seguintes afirmacións:

a) As estrelas son sistemas materiais que pertencen á escala microscópica.

.....

b) Os corpos materiais microscópicos non son accesibles aos nosos sentidos.

.....

c) A escala macroscópica está constituída polos sistemas e corpos materiais que os nosos sentidos poden percibir.

d) Virus, moléculas, átomos e células pertencen á escala macroscópica.

.....

e) Se para observar un corpo hei de usar unha lupa, pertence á escala microscópica.

.....

- C** Esta táboa contén erros; corríxea:


PREFIXO	SÍMBOLO	EQUIVALENCIA
Mega	m	1 000 000 000 000 = 10^{12}
Xiga	g	1 000 000 000 = 10^9
Tera	t	1 000 000 = 10^6
Hecto	h	1 000 = 10^3
Quilo	K	100 = 10^2
Deca	d	10 = 10^1

Nome e apelidos:

D Expressa os números da columna da esquerda en notación científica cun só decimal, e para os submúltiplos do SI da columna da dereita, indica o seu prefixo e o seu símbolo correspondente:

- | | |
|-------------------------------------|---------------------|
| a) 17 563 000 000 000 = | f) 10^{-9} |
| b) 0,000 000 000 000 768 49 = | g) 10^{-6} |
| c) 94 583 270 000 000 000 = | h) 10^{-2} |
| d) 0,000 000 000 003 528 56 = | i) 10^{-3} |
| e) 857 000 000 000 = | j) 10^{-12} |


E Na imaxe aparecen os glóbulos vermellos dun ser humano:



- a) A que escala pertencen?
.....
- b) O seu diámetro medio é de 7,6 micrómetros;
a cantos metros equivalen?
- c) Por cada litro de sangue, un ser humano
san ten entre 4,5-6 Tera hemacias. Can-
tos son en unidades do SI e expresado en
notación científica?
.....

F Observa a seguinte fotografía e contesta a estas preguntas:

- a) É un corpo ou un sistema material?
.....
- b) A que escala pertence?
.....
- c) O seu diámetro é de 1 392 000 km. Exprésao en
notación científica e en unidades do SI. Que pre-
fixo utilizarías para esta medida?
.....



- d) A súa distancia media á Terra é duns 150 millóns de quilómetros. Expressa esta
medida en notación científica e en unidades do SI.
.....